



O escritor e colaborador de FARO DE VIGO Xosé Ramón Pena. // Eli Regueira

## Cando Lisboa foi “Casablanca”

Xosé Ramón Pena presenta a próxima semana en Póvoa do Varzim a versión portuguesa da súa novela “A batalla do paraíso triste”

Salvador Rodríguez

C onta Xosé Ramón Pena que, cando Antoine Saint-Exupéry, autor de “O Principiño”, fuxido da Francia ocupada polos nazis durante a Segunda Guerra Mundial, refuxiouse en Lisboa, escribiulle unha carta a súa muller na que describía a capital portuguesa naquela época coma “un paraíso triste”. Gustoulle tanto a definición ao escritor galego que incorporouna ao título da súa novela “A batalla do paraíso triste”, publicada por Xerais en 2008, que foi seleccionada entre as finalistas do Premio Nacional de Narrativa. Catorce anos despois, Pena verá cumprido o seu soño de ver a súa obra editada en portugués, “entre outras razóns -suliña-porque, de feito, ao escribirla, e nomeadamente os diálogos, saíanme xa de xeito espontáneo en portugués”.

Moncho Pena, que domina á perfección o idioma do país veciño, mantén con este e, sobre todo, con Lisboa, unha relación da que non erraríamos en calificar de namoramento dende que, arre-

dor de 1976 e durante os primeiros anos da década dos 80, comezaron “os meus contactos adultos con Portugal”, froito das súas estancias profesionais e persoais, nas que “fixen amizades, colaborei co *Diário Notícias* e, ao cabo, empapeime da realidade e a cultura portuguesa primeiro, e da súa historia despois”. E foi precisamente un daqueles encontros casuais o xérmolo desta novela. “Daquela -recorda- coñecín a un militar portugués, xa veterano, que me contou moitas e interesantes historias do Portugal dos anos 30 e 40. Descubrí, por exemplo, que entre 1940 e 1941, Lisboa convertírase nun niño de refuxiados na procura dun visado que lles permitira embarcarse para chegar a América”.

O antes citado Saint Exupéry era un deles pero é que nas rúas, nos hoteis, nos teatros de Lisboa tamén había espías dun e doutro bando e, de feito, tamén funcionaba unha sede da temible policía nazi: a Gestapo. Ou sexa que, como ben di Pena, “a cidade vivía unha etapa moi similar á que se reflicte na famosa película *Casa-*

*blanca* protagonizada por Humphrye Bogart”.

Pero iso non foi todo. Resultou que, nas conversas con aquel amigo militar, Xosé Ramón Pena tamén descubriu a existencia en Portugal dos *Camisas Azuis*, unha organización constituída a imaxe e semellanza da Falange Española, chamada Movimento Nacional-Sindicalista, liderada por un singular personaxe, Francisco

### Durante a II República, “falanxistas” portugueses propuxeron invadir Galicia

Rolão Preto, que chegou a propoñerlle ao xa naquel entón ditador de Portugal, António de Oliveira Salazar, unha “invasión de Galicia” despois da cal celebrárase un referendo para a incorporación do noroeste da Península ao “Portugal imperial”. Naquela altura, en Es-

paña xa se instaurara a Segunda República, pero por se acaso, Salazar acabou por rexeitar o plan dos “falanxistas” lusos.

Con todo o material recopilado, a primeira idea de Xosé Ramón Pena era a de escribir algo semellante a un ensaio pero, deixando pasar o tempo, chegou á conclusión de que a mellor maneira de contar todo aquilo sería mediante o xénero novelístico. E o resultado foi un relato de acción e espionaxe, pero tamén, como se le na sinopse da súa edición galega, “de amores, esperanzas e desenganos; de amizades e traizós: a crónica dunha Lisboa pobre e gris que a ditadura salazarista tenta ocultar co centileo dos hoteis de luxo e os espectáculos musicais”.

“A batalha do paraíso triste” (Teodolito) presentarase o vindeiro xoves, 24 de febreiro, no Cine Teatro Garrett de Póvoa do Varzim. Trátase dun acto enmarcado dentro do programa “Correntes Escritas 2022”, un dos eventos literarios máis importantes de Portugal. Grande honra, así pois, para este escritor betanceiro-vigués namorado de Lisboa.

## De poetas y millenials

Isabel Loscertales

H ace poco más de una década se editó una antología disruptiva, auspiciada por la autora Luna Miguel. “Tenían 20 años y estaban locos” (La Bella Varsovia, 2011) presentaba a 27 poetas españoles menores de 27 años. Muchos de ellos nunca habían visto impreso uno de sus poemas. Nacieron y se conocieron al amparo de las redes. El recién publicado libro “Millennials. Nueve poetas” puede considerarse una suerte de continuación de ese recopilatorio.

Como nos explica su antólogo, el escritor Gonzalo Torné, “la idea era seleccionar a poetas nacidos entre 1985 y 1995, con una trayectoria de varios libros, respaldada por premios o por el refrendo crítico. También era importante que fuesen poetas con trayectorias originales y ambiciosas. Lo cierto es que el libro se podría haber ampliado, pues todavía están saliendo y consolidándose voces en esta franja de edad. Pero consideramos que era mejor una selección breve de poetas que permitiese una muestra amplia de su poesía”, dice.

“Millennials” incluye un compendio de poemas de nueve autores. «Cada uno ofrece temas, tonos y referencias muy variados que tratan de dar réplica a un mundo tan complejo como es el nuestro», advierte Gonzalo.

Así, Unai Velasco (Barcelona, 1986), fundador de la editorial de poesía Ultramarinos, habla de violencia de género en “Sonríe, Harpo”. Berta García Faet (Valencia, 1988) escribe en “LVII”: “Toda depresión es topográfica. Meteoritos que la-

ten”. Luna Miguel (Alcalá de Henares, 1990) ahonda en la maternidad en “¿Te habrá cambiado mucho la vida, no?” y Alba Flores Robla (Madrid, 1992), explora el amor en “J’ai peur de l’amour”.

El también músico Xaime Martínez (Oviedo, 1993) acaba así su poema “Después de la caída”: “¿Tal vez si consiguiéramos vivir como los niños que juegan sobre un árbol caído!” Óscar García Sierra (León, 1994) ha elegido títulos como “Greenpeace” o “Zara”. Los otros autores, igual de importantes, son: Ángela Segovia (Ávila, 1987), David Leo García (Málaga, 1988) y Vicente Monroy (Toledo, 1989).

Según Torné, todos coinciden en “la ambición de decir las cosas por sí mismos, de escribir sobre el presente sin renunciar a temas clásicos como el amor, la enfermedad, el cuerpo y la muerte. Son muy leídos y disponen de numerosos recursos”. Considera que el mundo digital ofrece accesibilidad de lecturas, de relaciones y de presentación de su trabajo. “No hay vuelta atrás, todas las generaciones poéticas van a formarse en la Red. Estos nueve millennials son los pioneros de lo que vendrá, o los primitivos del futuro”.



### Millennials. Nueve poetas

VVAA  
Alba Editorial